

A RAÍÑA ESPIDA


Actividade 8M+LGL para 4º da ESO

En 1116, prodúcese en Santiago de Compostela unha revolta contra a Raíña Urraca e o bispo Xelmírez. O bispo conseguiu zafarse sen dano do asalto, mais a raíña sufriu unha situación verdadeiramente indigna. A seguir ofrécovos dous textos que falan daqueles feitos. O primeiro é un poema de Luís Seoane. O segundo o relato histórico realizado por Francisco Rodríguez, baseándose na crónica Compostelá.

A RAÍÑA ESPIDA

Luís Seoane, *Na brétema de Sant-Iago*, en *Obra poética*, 1977.


O pobo asañado e xusticieiro,
a Irmandade dos homes ceibes,
trata de asegurar a paz coa violencia
axustando na raíña seus aldraxes.
Xúntanse con eles pro castigo,
soldados revoltados, artesáns e mendigos.
Fuxitivos, mantéñense alleos
o bispo e os condes.
Silandeiros e atobados os heraldos.
A raíña vencida no seu orgulo,
na ollada o medo e o asombro,
laiándose e xemendo pregallas
trata de ceibarse dos brazos
que a arrastran polos cabelos.
Espida, bourada, quedou na rúa
Afondada astrosamente na lama
A raíña branca e impura
que tomaba acordos e repentiase deles.
Cas mans cobría os seos
no belido corpo apaxeado
que sementou o amor e a xenreira.
Vencida no seu orgulo e no seu recato
polos ollos cubizosos do pobo,
polas mans que erguían como estandartes
as roupas rachadas da súa raíña.



Xilografía de Seoane que ilustra o poema na edición da súa obra poética feita por Edicións do Castro

¡Ouh raíña! ¿Onde ficaron os teus galás?
¿Onde os condes guerreiros,
os garridos capitás da túa escolta?
¿Onde as túas donas de honor?
¿Que foi dos trobeiros hipócritas
Que cantaban a túa beleza e o teu reino?
¿Onde os teus falcós heráldicos?
¿Onde os teus xograres e os teus cas?
¿Por que ti soia nesta historia
teus peitos ao ar e desguedellada,
a túa branca pel espida na lama?

Francisco Rodríguez, *Unha etapa estelar e conflictiva de Galiza*, 2021



“Córrese como a pólvora que os encerrados foran atacados polos soldados da raíña e do bispo. A reacción popular debeu de ser masiva, pois a *Compostelá* fala de «miles»... O bispo e a raíña encerráronse, primeiro, no palacio episcopal e logo na torre das campás, unha vez que foron conscientes dos clamores e estrépito de cidade, síntoma de que estaban perante unha rebelión que se estendía e que se facía a cada paso máis violenta. As súas escoltas non alcanzan para resistir os combates. O lume apodérase das partes da igrexa que estaba cuberta con táboas e palla... O palacio do bispo é arrasado e tomadas como

botín todas as súas pertenzas. O medo e o terror apodéranse da raíña e de Xelmírez que ven como se aproximan os composteláns enfurecidos á torre na que se teñen refuxiado cos seus seguidores. Os asaltantes meten lume na torre e combustíbel para alimentalo. Propágase o lume por toda ela, facéndose así consciente o bispo que nen para el nen para a raíña había perdón, pois a «multitude desexaba a súa morte» ... Perante situación tan crítica, os composteláns deron garantías de seguridade só á raíña para saír da torre. Así o fixo. Cando o pobo a viu saír, lanzáronse sobre ela e botárona en terra nun lameiro, raptárona como lobos, segundo a crónica, e esnaquizaron os seus vestidos; co corpo espido desde o peito até abaixo e diante de todos quedou en terra durante moito tempo de maneira vergoñenta. Tamén moitos quixeron lapidala e entre eles unha vella compostelá feriu gravemente cunha pedra na meixela. A Compostelá non explica racionalmente como Xelmírez puido librarse das chamas e escapar da torre sen que ninguén fose capaz de decatarse de que fuxira” (262-263)

Reflexionamos e falamos:


- Algunha vez liches que un rei fose espido para ser aldraxado publicamente?
- Consideras que esta aldraxe en concreto se produce contra a raíña Urraca por ser ela muller?
- Sabes quen era a raíña Urraca? No blog “<https://onosopatrimonio.blogspot.com/2011/07/os-reis-de-galiza>” sintetizan brevemente a súa biografía. Compáraa con esta información do libro Unha etapa estelar e conflitiva de Galiza, á que xa nos referimos antes:

“Urraca, como raíña (1109-1126), ... debeu facer fronte, como vemos, a unha situación moi conflitiva, derivada da inestabilidade que caracterizaba un imperium como o herdado do seu pai, baseado nas relacións vasalático-feudais... na visión castelá oficial, non se contou con Urraca na enumeración de persoas que desempeñaron a función real, saltando de Afonso VI a AfonsoVII e non por consideraren que aínda non existía Castela con entidade de reino, senón por misoxinia. Non deixa de ser curiosa a identificación con Jezabel por parte da Compostelá, porque a condición de estranxeira desta é moi subliñada no texto bíblico, para alén da súa persecución de sacerdotes e profetas do verdadeiro Deus. E con todo, a Crónica galega non mostra dúbida sobre a lexitimidade de Urraca como raíña. Desde logo, Urraca non era unha estranxeira para o reino de Galiza, endebén, é certo que a súa vinculación a Terra de Campos e Castela acabou sendo grande nunha fase política decisiva na súa vida.”



Miniatura de Dona Urraca

- Para completar o retrato da Raíña Urraca le este fragmento recollida no libro *Historia das mulleres en Galicia* de Carme Pallares:



“E así sucedeu que, despois da morte do meu pai, segundo a disposición e parecer daqueles casei contra a miña vontade co sanguinario e cruel tirano aragonés, uníndome infelizmente a el en nefando e execrable matrimonio. Cales e cantas deshonras, dores e tormentos padecín mentres estiven con el, ningún mellor que a túa prudencia o sabe: pois non só me deshonraba continuamente con torpes palabras, senón que toda persoa nobre ha de lamentar que moitas veces o meu rostro fose manchado coas súas sucias mans e que eu fose golpeada co seu pé.”

- A partir de todas esta información podemos abrir un pequeno debate na aula en que reflexionemos sobre o papel das mulleres na historia, comezando pola propia raíña Urraca.

Actividades.

Sobre o poema:

- A quen relaciona Seoane como suxeitos da aldraxe que sofre a Raíña Urraca?
- Este poema é representativo dunha liña temática presente na obra poética de Seoane, cal?
- Busca na Galipedia (gl.wikipedia.org/wiki) “Ubi sunt” e explica en que consiste este tópico literario coas túas palabras.
- Atopa no texto un exemplo deste tópico literario.
- No segundo verso do poema Seoane escribe “homes ceibes”, que outros sinónimos do adxectivo ceibe podería usar? Por que cres que emprega ceibe e non outro?

Sobre o fragmento histórico:

- O fragmento comeza cunha figura literaria, cal?
- O autor escribe: “estaban perante unha rebelión”, “ Perante situación tan crítica”, que clase de palabra é perante? Que significa e como se usa?
- Atopa os verbos (pista, cada liña é unha letra) que se definen a continuación e que están entre o inicio e a oración que remata en “tomadas como botín todas as súas pertenzas”:
 - 3º p. plural do pretérito de indicativo, 2ª conxugación _ _ r _ _
 - 3º p. plural do copretérito de indicativo, 1ª conxugación _ _ t _ _ _ _
 - 3º p. singular, do copretérito de indicativo, 2ª conx. _ s _ _ _ _ _ _ _
 - 3º p. singular, do copretérito de indicativo, 2ª conxugación _ _ c _ _ _ _
 - 3º p. singular, do presente de indicativo, 1ª conxugación _ _ _ _ _ z _ _
 - Perífrase modal obrigatoria:
 - 3º p. singular, do presente de indicativo, voz pasiva:
- Para rematar, explica a colocación dos pronomes que figuran nos anacos subliñados.